

Joxemari Carrere Zabala

Daquela, alguén estivo alá. Acerca da tradición literaria herdada

Alguén estivo alá, e alguén non estivo

Polo visto, en Azerbaidjan comezan así algúns contos, antes de introducirmos no mundo da fantasía, onde todo é posíbel. En fin, é unha maneira de comezar, coma esta de hoxe.

Pero, Azerbaidjan está tan lonxe! Acheguémonos. Comezemos como Joseba

Sarrionandia comeza o conto Urrezko *arraiaarena* [Do peixe de ouro]:

«Hai tempo, na época en que desexar valía...» Ca! Mais este inicio áchase tamén nalgúns contos recollidos polos irmáns Grimm en Alemaña. Bo, perdoamos a Sarri que copiara un pouquiño, de feito, quen non copiou algunha vez? Polo tanto, hoxe teremos que buscar outro inicio. Agora si, agora temos moi preto un fermoso inicio, que soe aparecer en varios contos vascos:

«Como moitos no mundo...»

Non obstante, para tratar o tema proposto e para esta ocasión, é axeitado un inicio como este? Seica non. Pero esta é tamén unha maneira de comezar. Como comezar a falar senón da tradición literaria herdada? Máis aínda tendo unha chea de dúbidas sobre o que quere expresar semellante título. En efecto, cando estamos a falar da tradición literaria, dende o punto de vista de quen estamos a falar, dende os participantes dunha cultura?, ou dende a ollada do investigador? seica dende o interior do escritor? Certamente difícil imaxinar os achaques de todas estas mentes. Falarei de min, e atenderei á tradición literaria que herdei como vasco.

Teño oído ou lido máis dunha vez que así como na Europa temos bibliotecas, na África teñen vellos; é dicir, que os vellos enchen o espazo que entre nós enchen os libros. Polo visto, eles son a memoria do pobo. Eles lembran e contan as historias creadas e conservadas durante longo tempo. Na África a tradición literaria consérvase en boca dos vellos. Segundo din. E eu non vou dubidar acerca disto, porque sei da importancia da oralidade nas culturas propias da África. De todos os xeitos, en afirmacións como estas hai unha grande negación e inorancia, ou talvez, unha preocupante xeneralidade.

Coa dita afirmación acéptase, por suposto entre outras cousas, que a xente da Europa está alfabetizada, é dicir, que a maioría da poboación, cunhas pequenas excepcións, teñen competencia para ler e escribir; na África, sen embargo, son analfabetos en grande número, polo menos na súa propia lingua, e polo tanto, a súa transmisión cultural e literaria principalmente é oral. En xeral, é difícil pór isto en dúbida, pero póusanse varias preguntas na miña mente, é dicir, en que lingua están alfabetizados os europeos? E polo tanto, que tradicións literarias se conservan nas bibliotecas? Os froitos literarios dos europeos soamente se conservan nas bibliotecas? Ninguén conservou unha biblioteca en vella voz? Que tipo de literatura puideron desenvolver e transmitir as culturas ás que se lles negou a escolarización na súa propia lingua, e polo tanto, o proceso de alfabetización? En opinión de David R. Olson «para poder desenvolver unha cultura escrita son imprescindíbeis institucións que usen dos textos: igrexa, corte, goberno, academia e familia»; tiveron todos os habitantes de Europa esa opción? No mesmo artigo Olson menciona que unha tradición escrita ademais de fixar os textos ten que acumulalos. Como crear unha tradición escrita, se non se dan as condicións mínimas para se poder desenvolver unha cultura escrita, e amais se a maioría dos falantes desa cultura non están alfabetizados? Sendo isto así, podemos afirmar que os pobos condenados a seren analfabetos na súa lingua non desenvolveron tradición literaria ningunha?

Vouvos contar un fermoso pasaxe –na miña opinión, polo menos– que contou miña nai. Noutrora vendíanse *bertso-paperas*(1) na rúa. Neles aparecían *bertsos* coñecidos ou

mesmo novos e, na nosa vila, polo visto, un home vendíaos no mercado. Nosa nai conta como a miña avoa dáballe unhas moedas para mercar eses *bertso-paperas*. Tralo xantar meu avó sentábase na cociña e miña nai cantáballe eses *bertsos*. Eran *bertsos* longos, e moitas das veces trataban a historia trágica ou lamentábel dunha rapaza, semellantes aos culebróns de hoxe. Para noso avó, que sabía a medias o castelán, e por suposto, analfabeto, eses *bertsos* enchían o espazo da «literatura». Miña nai conta que o avó escoitábaos cos ollos pechados, concentrado nesa historia que se cantaba e contaba. Ás veces, facía para si algún comentario ao fio da historia que estaba a escoitar. Cando escoitábamos esas cousas á miña nai, pensábase que eran contos vellos doutrara. Pero dende o punto de vista de hoxe, decatámonos de que eses feitos, eses cantos e esas historias eran a «biblioteca» que estábamos a reunir na lingua de noso, que manaban da boca e introducíanse nos nosos oídos. O verdadeiro tesouro literario, sen embargo, era o que ensinaban na escola, a verdadeira «biblioteca» estaba en castelán, e todo o demais, pola contra, só tiña valor folclórico ou «vernáculo». Polo tanto, a tradición literaria soamente era a gardada nos libros. É curioso como se repite esta opinión ao falar das creacións literarias da oralidade, sexa cal sexa a lingua. Non tiña ningún valor literario ese momento no que miña nai cantáballe *bertsos* ao avó? E non estou a falar exactamente da calidade deses *bertsos* ou do propio valor literario, senón da influencia dese intre no meu avó. Pero alguén dirá que iso non son máis que vestixios dun mundo que se está a perder, e seguramente non lle sobrarán razón. Por desgraza, no noso caso a desaparición da lingua moitas veces estivo vencellada á desaparición dese mundo, e con esa desaparición vanse moitas cousas, ademais dos costumes. O galego Camiño Nogueira menciona algo así ao ter en conta os cambios da xente da Galiza: «A sociedade actual modelada coa cultura urbana, coas esixencias das novas tecnoloxías da comunicación [...], coas modernas formas de diversión paralizaron a difusión deste tipo de literatura, e hoxe podemos ver como de día en día as creacións literarias populares van desaparecendo da memoria colectiva.» O investigador e recopilador galego salienta un interesante problema. De feito, identificar as creacións literarias orais que unha cultura recolleu durante tempo cos tempos pasados, é considerar a oralidade unha expresión cultural de baixo nivel, e en consecuencia, tal abandono lévanos a perder un importante tesouro literario. Pero esta perda non se vai dar só dende un punto de vista cultural e etnolóxico, tamén pódese ver na perda dos modelos narrativos. Ante a escrita déixase de lado a creatividade literaria da oralidade baixo unha opinión da «incultura» ou como moito dun «paternalismo» barato, na medida que é unha expresión folclórica do pobo. A cultura e literatura de alto nivel atopáremola nos libros, e hai que educarse con eles, se queremos ser persoas cultas. Este fenómeno de todas as culturas de Occidente agrávase nas linguas nas que a oralidade é principal, por exemplo, no éuscaro. Falar da tradición literaria con estes criterios traerá como consecuencia a pobreza, porque non se terán en conta a creatividade literaria que menciona a señora Noia. E seguindo por este camiño, ao escribir na propia lingua hai que coller referencias literarias doutras linguas, facendo nosos modelos narrativos alleos. Quere dicir todo isto que educarse noutros modelos lingüísticos está mal? Claro que non, non podemos deixar de lado eses modelos que se desenvolveron ao carón de nós, non para copialos de seu, senón como aprendizaxe.

O escritor italiano Italo Calvino mencionaba magníficamente o interese que os asuntos vellos lle producían. «Se nunha época da miña actividade literaria gostei dos *folktales*, non foi por unha tradición literaria (...), nen pola nostalxia das lecturas da infancia (...), senón por un interese estilístico e estrutural, pola economía, polo ritmo, pola lóxica esencial na que se contan».

Coido que Calvino acerta de pleno, logo que a variedade dos modelos narrativos traerá a

variedade da literatura. Cada lingua desenvolveu os seus propios modelos, por unha banda nas formas escritas e por outra banda, nas orais. Pero isto non quere dicir que sexan dous mundos sen vínculos. Estou completamente dacordo co que menciona Inazio Mujika Iraola no prólogo do libro *Letrak kale kantoitik* [Letras nas esquinas das rúas] de Anjel Lertxundi. É dicir, «Lertxundi non ten máis remedio que tirar o tabique artificial» que diferencia a tradición oral e a escrita «se quere salientar a continuación que hai entre ambos os dous cuartos.[...] É preciso estudar en conxunto ambas as dúas tradicións, en contra do que se pensou, se se quere ter esa perspectiva xeral». Para unha lingua como a nosa, o éuscaro, isto é imprescindíbel. Sendounha lingua que se desenvolveu na oralidade, se no seu desenvolvemento da escrita non da a importancia necesaria á tradición oral, hai o risco de que utilice os recursos narrativos doutras linguas, coa rixida globalización –se me perdoades utilizar esta palabra de moda– que isto presupón. Non hai que confundir isto con estas opinións que se escoitan: «escribir como fala o pobo». A tradición literaria que nos ofrece a oralidade non debemos usala para repetila, senón para desenvolvela, para enriquecer a nosa produción literaria e para dar unha alma propia á literatura que se escribe en cada lugar. A opinión do escritor portugués Adolfo Coelho que viviu no século XIX, aínda que sexa extrema, é para tela en conta: «[...] assim as literaturas só têm valor verdadeiro quando aproveitam a minas da tradição popular».

Se temos en conta a tradición escrita literaria que temos en éuscaro até o último terzo do século XX, non podemos dicir que sexa moi rica, polo menos en cantidade. Por iso, nestes últimos corenta anos, sobre todo, os escritores que tentaron anovar e desenvolver a literatura vasca escrita tiveron poucas referencias. Foi difícil a tentativa de crear un camiño propio para a literatura. Por unha banda, as carencias e por outra banda, a dificultade de conseguir o publicado aumentaban as dificultades. De todas maneiras, isto non quere dicir que a literatura vasca vivera a parte das correntes modernas, ou que non se tivera en conta a literatura escrita; máis aínda, podemos dicir que na historia da literatura vasca moitos escritores tiveron en conta a literatura anterior en moitos dos seus traballos, pero tamén os modelos que ofrece a literatura popular. Para moitos escritores á hora de enriquecer o estilo a escrita de Axular foi modélica; e a riqueza da literatura popular foi referencia moitas veces. Tomemos o caso de Aresti. Non se pode obviar a influencia que o escritor bilbaíno tivo na renovación da literatura vasca. Se estudamos os seu traballo, veremos que investigou tanto a literatura vasca escrita como a oral, enriquecendo a súa labor e botando un semente no camiño á moderna literatura vasca. Exemplo disto é o traballo que fixo a favor de renovar o teatro vasco, que se menciona moi pouquiño. Na obra de teatro *Mugaldeko herrian eginiko tobera* (1961) [*Tobera* feita na vila da zona de fronteira], por exemplo, tomou a tradición das *toberas* non para repetila senón para facer o camiño cara o moderno teatro vasco usando as formas teatrais tradicionais. Usa a tradición como fonte de inspiración, e tomando unha forma que seguía viva propón camiños cara un novo teatro vasco. Por desgraza, en vez de se desenvolver e se fortalecer este camiño, hoxe vense demasiadas veces outros camiños no teatro vasco, presentando o matiz vasco moitas veces coa forma dun anovado costumbrismo.

Hoxe, por sorte, a literatura vasca escrita móstrase saudábel (polo menos, ao comparala cos séculos anteriores). O número de vascos alfabetizados é o máis alto da historia. A literatura vasca tomou o seu lugar na escola (tendo en conta todas as precisións que se queran, evidentemente). Aumentou moito a edición de libros (segundo algunhas opinións mesmo aumentou de máis). E na nosa literatura son clásicos xa algúns autores que aínda non teñen os cabelos brancos. Pero esta situación non nos ten que mergullar nunha excesiva euforia. Calquera literatura, pero sobre todo a producida nunha lingua

minoritaria como a nosa, precisa de todo tipo de tesouros literarios que deixou o tempo. Atoparémolos nos libros, pero sobre todo nos *bertsos*, nas historias e noutras expresións literarias que pasaron da boca ao oído. Teremos que mergullarnos nestes, para nos atopar os recursos literarios que ofrece a nosa lingua, e para que a literatura que fagamos teña unha alma propia. Acaso, sexa a oralidade o alicerce principal da tradición literaria que herdamos os vascos, e temos que saber vencellalo ao que está escrito, para botar ese «tabique» que menciona Mujika Iraola. Temos que usar os libros desas dúas «bibliotecas», se non queremos que a literatura se transforme nun eido estandarizado, globalizado e sen alma; ou para que nos pase o do musgo. Como? Que non coñecedes do que aconteceu ao musgo? Non mo creo; seguro que non o coñecedes? Afortunados sodes todos vós, porque estou eu aquí para vos mostrar as cousas que son verdadeiramente importantes.

Pois, dise que se di, que ao comezo dos comezos todos os seres vivos falaban, as plantas, os páxaros, os animais e as persoas. Pero ao parecer Deus esqueceuse do musgo, e mentras todos os restantes seres vivos estaban a conversar o musgo tiña que estar caladiño. Visto isto, os demais comezaron a lle ensinar palabras. Polo visto, o musgo converteuse no ser máis sabio, porque sabía as palabras de todos. Sen embargo, cando Deus estando na sesta coma sempre, se decatou de que estaban a facer algo que el non fixera berrou «Mekagüen min!», e quitoulles a palabra a todos, menos ás persoas – xa sabedes, para conservar a autoestima de Deus: «Nosos pai que estás nos ceos...» «Está ben, está ben»-. Daquela remataron os tempos afortunados e comezaron os desafortunados. E ao parecer, os únicos que viven na felicidade son os meniños, logo que eles falan cos páxaros, as plantas, os cans...

E cando aconteceron todas estas cousas, daquela, eu, eu estaba alá.

Traducido do vasco por Iratxe Retolaza Gutiérrez

1. Nota da tradutora: os *bertso-paperas* son escritos e follas que recollen os *bertsos*.